



Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa

Admisión a ciclos de Formación Profesional 2014-2015

Instrucións xerais



Índice

1. Introdución	3
2. Prazos de inscrición	3
3. Presentación de solicitudes	3
4. Documentación	3
5. Criterios de desempate	4
6. Información e publicación de listaxes	4
7. Renuncia a prazas adxudicadas no réxime ordinario	4
8. Procedemento de admisión e matrícula no período ordinario	5
8.1 Listaxe provisional de solicitantes e reclamacións	5
8.2 Listaxe definitiva de solicitantes	5
8.3 1ª Adxudicación ordinaria e matrícula	5
8.4 2ª Adxudicación ordinaria e matrícula	5
8.5 Liberación de prazas	6
9. Período extraordinario	6
9.1 Listaxe provisional de solicitantes e reclamacións	6
9.2 Listaxe definitiva de solicitantes	6
9.3 1ª Adxudicación extraordinaria e matrícula	6
9.4 2ª Adxudicación extraordinaria e matrícula	7
9.5 Liberación de prazas	7
10. Remate do procedemento de admisión e matriculación	7
11. Matrícula simultánea en ciclos formativos	7
12. Número mínimo de solicitudes de matrícula	8
13. Admisión a ciclos formativos de grao medio mediante a acreditación de condicións de acceso directo ao grao superior	8
14. Acceso mediante titulacións estranxeiras	8
15. Normativa relacionada co proceso de admisión	9

1. Introducción

A normativa vixente establece que a Dirección xeral ditará as normas precisas para o desenvolvemento do proceso de admisión en centros docentes sostidos con fondos públicos que impartan ciclos formativos de formación profesional.

2. Prazos de inscrición

Con independencia do réxime solicitado, ordinario ou de persoas adultas, os prazos de presentación de solicitudes de admisión para o curso 2014-2015 serán os seguintes:

- O prazo ordinario será do 17 de xuño ata as 13:00 horas do 4 de xullo.
- O prazo extraordinario abranguerá desde o día 1 ao 12 de setembro ás 13:00 horas.

3. Presentación de solicitudes

Deberá presentarse unha única solicitude, por duplicado, para cada réxime, grao e modalidade que se desexe cursar. Poderase facer de dous xeitos:

- Cubrindo a solicitude a través da internet na aplicación informática que se encontra no enderezo web <http://www.edu.xunta.es/ciclosadmission>. A instancia que xera a aplicación informática deberase imprimir e presentar, acompañada da documentación que se requira, en calquera centro público de Galicia con oferta de formación profesional. A solicitude enténdese como non válida sen o requisito de presentación nun centro, agás que na propia solicitude xerada pola aplicación informática se indique que é unha solicitude validada e que non precisa ser presentada nun centro educativo; neste caso a copia impresa conservarase como resguardo.
- Cubrindo, de xeito mecanografado ou manualmente, os correspondentes modelos de solicitude e presentalos acompañados da documentación necesaria no centro elixido como primeira opción.

4. Documentación

A documentación que cumprirá presentar será a establecida no artigo 12 da orde do 5 de xuño de 2007, para ciclos formativos polo réxime ordinario, e no artigo 13, para módulos profesionais polo réxime para as persoas adultas na modalidade presencial, e a establecida no artigo 5 da Orde do 5 de novembro de 2010, para módulos profesionais polo réxime para as persoas adultas na modalidade a distancia ou semipresencial.

No caso de solicitudes de acceso ao réxime de persoas adultas e de acceso aos ciclos formativos de grao medio no réxime ordinario haberá que achegar o formulario complementario establecido no anexo I A) da Resolución do 12 de xuño de 2012, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se determinan os prazos e se ditan instrucións no procedemento de admisión do alumnado nos centros docentes sostidos con fondos públicos para impartir ciclos formativos de formación profesional de graos medio e superior en réxime ordinario e para as persoas adultas para o curso académico 2012-2013 (DOG do 18 de xuño).

Cando os estudos requiridos para o acceso a ciclos se realizaran en centros sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia e en ensinanza ao abeiro da Lei orgánica

2/2006, do 3 de maio, de educación, non cumprirá a achega da documentación relativa aos requisitos de acceso, agás naqueles casos en que a administración educativa así o demande.

Tampouco cumprirá, cando sexa o caso, a presentación do certificado de superación da proba de acceso a ciclos formativos cando a proba se realizara na Comunidade Autónoma de Galicia despois do ano 2008, agás naqueles casos en que a administración educativa así o demande.

5. Criterios de desempate

Aplicarase o establecido no artigo 9.5 da orde do 5 de xuño de 2007. A relación de ciclos formativos co sexo preferente que corresponde asignar nos casos de empate entre varias persoas solicitantes por un mesmo posto escolar está dispoñible no enderezo web www.edu.xunta.es/fp.

De persistir o empate este resolverase atendendo ao publicado na resolución do 26 de febreiro de 2014, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se fai público o resultado do sorteo a que fai referencia o artigo 29 da Orde do 12 de marzo de 2013.

Consonte o resultado do sorteo, serán as letras **I** e **R** as de prioridade que afectan ao primeiro apelido e as letras **K** e **B** as que afecten ao segundo apelido para os efectos de resolución do desempate na orde de admisión do alumnado nos centros docentes sostidos con fondos públicos no curso 2014-2015.

6. Información e publicación de listaxes

Toda a información e documentación do proceso de admisión a ciclos estará dispoñible no enderezo web www.edu.xunta.es/fp.

Nas datas establecidas, as listaxes de solicitudes provisionais e definitivas e as listaxes de adxudicación serán publicadas no enderezo web de formación profesional. Así mesmo os centros publicarán as súas listaxes e adxudicacións no taboleiro de anuncios.

7. Renuncia a prazas adxudicadas no réxime ordinario

Os solicitantes de primeiro curso do réxime ordinario poderán renunciar a unha praza adxudicada e permanecer no proceso de admisión, á espera de que lles sexa adxudicada algunha das opcións de maior prioridade que a adxudicada. A renuncia afectará á praza que fora adxudicada e a todas as preferencias sinaladas en lugares posteriores.

A renuncia deberase realizar no modelo de impreso correspondente, que se deberá entregar no prazo de matrícula establecido para esa adxudicación en calquera centro público de Galicia con oferta de formación profesional ou no centro en que lle fora adxudicada a praza á que vai renunciar.

Tamén se poderá realizar a renuncia a través da internet na aplicación informática que se encontra no enderezo web <http://www.edu.xunta.es/ciclosadmission>.

O feito de renunciar á adxudicación dunha praza do réxime ordinario é condición indispensable para quedar en listaxe de espera nas opcións de maior preferencia. As persoas solicitantes admitidas no réxime ordinario que non se matriculen e non presenten renuncia no prazo indicado perderán o dereito á súa praza e so poderán matricularse no caso de existir prazas vacantes.

8. Procedemento de admisión e matrícula no período ordinario

As secretarías dos centros docentes, ademais de recoller as solicitudes para a admisión a ciclos formativos, cargarán os datos na aplicación informática “Ciclosadmission”, do 17 de xuño ata as 14:00 horas do día 4 de xullo.

No caso das solicitudes de persoas que acrediten discapacidade a data límite para a carga do ditame de escolarización do departamento de orientación do centro elixido como primeira opción será as 12:00 horas do 7 de xullo.

As solicitudes de 2º curso de grao medio e de grao superior do réxime ordinario non precisan de ningún trámite nin carga de datos na aplicación informática “Ciclosadmission”, xa que logo este procedemento de admisión non está centralizado e corresponde a súa resolución a cada centro educativo nos mesmos prazos que o resto das ensinanzas de formación profesional.

8.1 Listaxe provisional de solicitantes e reclamacións

O día 9 de xullo publicaranse as relacións provisionais de persoas solicitantes para cada réxime, modalidade e grao, ordenada alfabeticamente, con indicación da puntuación conseguida e das opcións de preferencia.

Establécese un prazo de reclamacións desde o día 9 ao 11 de xullo ás 13:00 horas.

Os centros terán de prazo ata o día 11 de xullo ás 14:00 horas para cargaren na aplicación informática os datos coas modificacións xurdidas das reclamacións.

8.2 Listaxe definitiva de solicitantes

O día 17 de xullo faranse públicas as listaxes definitivas de solicitantes.

8.3 1ª Adxudicación ordinaria e matrícula

O día 18 de xullo publicarase a primeira relación ordinaria de persoas admitidas en cada ciclo formativo de grao medio ou superior para cada réxime e modalidade. No prazo abranguido desde o día 18 ao día 24 de xullo ás 13:00 horas, as persoas con praza adxudicada deberanse matricular, de non facelo perderán os dereitos sobre a matrícula das prazas adxudicadas.

No caso do réxime ordinario non matricularse nin renunciar significa quedar excluído do proceso de admisión.

Os centros teñen de prazo ata as 14:00 horas do día 24 de xullo para cargaren as matrículas e, no caso do réxime ordinario tamén as renuncias, na aplicación informática que corresponda.

8.4 2ª Adxudicación ordinaria e matrícula

O día 29 de xullo publicarase a segunda relación ordinaria de persoas admitidas en cada ciclo formativo de grao medio ou superior para cada réxime e modalidade. No prazo abranguido desde o día 29 ata o día 31 de xullo ás 13:00 horas, as persoas con praza adxudicada deberanse matricular, de non facelo perderán os dereitos sobre a matrícula das prazas adxudicadas.

No caso do réxime ordinario non matricularse nin renunciar significa quedar excluído do proceso de admisión.

Os centros teñen de prazo ata as 14:00 horas do día 31 de xullo para cargaren as matrículas e, no caso do réxime ordinario tamén as renuncias, na aplicación informática que corresponda.

8.5 Liberación de prazas

A Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa poderá liberar as prazas vacantes do ciclo formativo ata o 31 de xullo ás 13:00 horas para aquel alumnado que acredite o cumprimento dos requisitos de acceso. Os centros efectuarán a matrícula por estrita orde de chegada das solicitudes.

A relación dos ciclos formativos coa condición de liberados e o número de prazas dispoñibles en cada un deles poderase consultar na páxina web de formación profesional.

9. Período extraordinario

As secretarías dos centros docentes, ademais de recoller as solicitudes para a admisión a ciclos formativos, cargarán os datos na aplicación informática “Ciclosadmission”, do 1 de setembro ata as 14:00 horas do día 12 de setembro.

No caso das solicitudes de persoas que acrediten discapacidade a data límite para a carga do ditame de escolarización do departamento de orientación do centro elixido como primeira opción será as 12:00 horas do 15 de setembro.

9.1 Listaxe provisional de solicitantes e reclamacións

O día 17 de setembro publicaranse as relacións provisionais de persoas solicitantes para cada réxime, modalidade e grao, ordenada alfabeticamente, con indicación da puntuación conseguida e das opcións de preferencia.

Establécese un prazo de reclamacións desde o día 17 ao 19 de setembro ás 13:00 horas.

Os centros terán de prazo ata o día 19 de setembro ás 14:00 horas para cargaren na aplicación informática os datos coas modificacións xurdidas das reclamacións.

9.2 Listaxe definitiva de solicitantes

O día 23 de setembro faranse públicas as listaxes definitivas de solicitantes.

9.3 1ª Adxudicación extraordinaria e matrícula

O día 2 de setembro publicarase a primeira relación extraordinaria de persoas admitidas en cada ciclo formativo de grao medio ou superior para cada réxime e modalidade. No prazo abranguido desde o día 2 ao día 4 de setembro ás 13:00 horas, as persoas con praza adxudicada deberán matricular, de non facelo perderán os dereitos sobre a matrícula das prazas adxudicadas.

No caso do réxime ordinario non matricularse nin renunciar significa quedar excluído do proceso de admisión.

Os centros teñen de prazo ata as 14:00 horas do día 4 de setembro para cargaren as matrículas e, no caso do réxime ordinario tamén as renuncias, na aplicación informática que corresponda.

9.4 2ª Adxudicación extraordinaria e matrícula

O día 24 de setembro publicarase a segunda relación extraordinaria de persoas admitidas en cada ciclo formativo de grao medio ou superior para cada réxime e modalidade. No prazo abranguido desde o día 24 ao día 26 de setembro ás 13:00 horas, as persoas con praza adxudicada deberanse matricular, de non facelo perderán os dereitos sobre a matrícula das prazas adxudicadas.

No caso do réxime ordinario non matricularse nin renunciar significa quedar excluído do proceso de admisión.

Os centros teñen de prazo ata as 14:00 horas do día 26 de setembro para cargaren as matrículas e, no caso do réxime ordinario tamén as renunciadas, na aplicación informática que corresponde.

9.5 Liberación de prazas

A Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa poderá liberar as prazas vacantes do ciclo formativo ata o 3 de outubro ás 13:00 horas para aquel alumnado que acredite o cumprimento dos requisitos de acceso. Os centros efectuarán a matrícula por estrita orde de chegada das solicitudes.

A relación dos ciclos formativos coa condición de liberados e o número de prazas dispoñibles en cada un deles poderase consultar na páxina web de formación profesional.

10. Remate do procedemento de admisión e matriculación

O proceso de matriculación rematará o día 3 de outubro. A partir desta data, non se producirá matriculación ningunha sen autorización expresa da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa. Esta autorización farase por medio da aplicación informática que xestiona a admisión

11. Matrícula simultánea en ciclos formativos

O alumnado matriculado nun ciclo formativo, en bacharelato ou en ESO, poderá solicitar a autorización de matrícula simultánea de acordo co procedemento e nas condicións que se establecen no artigo 6 da Orde do 12 de xullo de 2011 pola que se regulan o desenvolvemento, a avaliación e a acreditación académica do alumnado das ensinanzas de formación profesional inicial.

O prazo de presentación de solicitudes abranguerá desde o 24 de setembro, sempre que existan prazas dispoñibles e non haxa listaxe de espera, ata o 26 de setembro.

No caso do alumnado que teña pendente de superación unicamente o módulo de formación en centros de traballo e/ou o módulo de proxecto, de ser o caso, poderá solicitarse, a partir do 24 de setembro, en calquera momento do curso académico, co fin de efectuar a matrícula no devandito módulo nas condicións establecidas no artigo 6.5 da citada Orde do 28 de febreiro de 2007.

O Servizo Territorial de Inspección Educativa resolverá a autorización no prazo que abrangue desde o 30 de setembro ata o 2 de outubro, á vista dos informes de inspección dos centros implicados na solicitude, se existe unha compatibilidade horaria mínima do 90 %, que se deberá

remitir ao centro educativo a través da aplicación informática que xestiona a admisión antes do remate do período de matrícula.

De acordo co artigo 6.2.d) da citada Orde do 12 de xullo de 2011, logo de concedida a autorización da matrícula simultánea, o alumno ou a alumna poderá formalizar a matrícula no centro educativo no prazo que abrangue desde o 6 de outubro ata o 10 de outubro, sempre que existan prazas dispoñibles e non haxa listaxe de espera.

12. Número mínimo de solicitudes de matrícula

Consonte á normativa que regula a oferta formativa de ciclos de formación profesional, no caso de non acadarse o número mínimo de solicitudes de matrícula de primeira opción no período extraordinario non se poderán realizar matrículas nin impartir o ciclo ou os módulos sen a autorización expresa da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa.

Esta autorización poderá ser realizada a través da aplicación informática www.edu.xunta.es/ciclosadmission.

13. Admisión a ciclos formativos de grao medio con acreditación de condicións de acceso a grao superior

As persoas solicitantes de admisión mediante acceso directo a ciclos formativos de grao medio que en lugar de presentar algunha das titulacións ou estudos superados aos que se fai referencia no artigo 5 da citada Orde do 5 de xuño de 2007 presenten directamente un título universitario, un título de técnico superior ou un título de bacharel da Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo, ou da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, ou estudos equivalentes aos anteriores, participarán no proceso de admisión cunha puntuación de cinco puntos, con independencia de que por estas titulacións tivesen unha maior puntuación no caso de solicitar o acceso a ciclos formativos de grao superior.

No caso de presentar proba de acceso a ciclos superiores para solicitar praza a ciclos formativos de grao medio en lugar de presentar proba de acceso a ciclos medios, participarán no proceso de admisión cunha puntuación de cinco puntos polo cupo de acceso por proba, con independencia de que por as probas de acceso a ciclos superiores tivesen unha maior puntuación.

14. Acceso mediante titulacións estranxeiras

Os centros que reciban solicitudes de alumnado que acceda con titulacións obtidas fóra do territorio do Estado español deben formalizar os datos na aplicación informática, e a puntuación outorgada polo expediente académico rexistrarse como “pendente de cualificación”. Para tales efectos o centro, que será o encargado de gardar a documentación orixinal e de velar por ela, procederá á remisión inmediata, a través da aplicación informática ou como determine a Subdirección Xeral de Formación Profesional.

No proceso de admisión ás persoas que desexen acceder a ciclos formativos de formación profesional mediante titulacións obtidas fóra do territorio do Estado español empregárase a nota media reflectida na credencial definitiva de homologación dos seus estudos cos correspondentes españois necesarios para o acceso a ciclos. No caso de non ter reflectida nota media na credencial definitiva de homologación, ou de alegar volante de inscrición condicional, consignaráselles unha nota de cinco puntos.

15. Normativa relacionada

- Decreto 114/2010, do 1 de xullo, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo de Galicia.
- Orde do 12 de xullo de 2011 pola que se regulan o desenvolvemento, a avaliación e a acreditación académica do alumnado das ensinanzas de formación profesional inicial.
- A Orde do 5 de xuño de 2007 pola que se regula o procedemento de admisión do alumnado nos centros docentes sostidos con fondos públicos para impartir ciclos formativos de formación profesional de graos medio e superior en réxime ordinario e para persoas adultas.
- Orde do 5 de novembro de 2012 pola que se establece, con carácter experimental, a ordenación da formación profesional inicial polo réxime para as persoas adultas nas modalidades a distancia e semipresencial.
- Orde do 9 de xuño de 2014 pola que se actualiza a oferta de ciclos formativos de grao medio e de grao superior polo réxime ordinario, por curso completo e en modalidade presencial, en centros públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano académico 2014/15
- Orde do 9 de xuño de 2014 pola que se actualiza a oferta modular polo réxime de persoas adultas, nas modalidades presencial, semipresencial e a distancia, de ciclos formativos de grao medio e de grao superior de formación profesional en centros públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano académico 2014/15.